

CIRCULAR: 13/03	DATA: 10 de decembro de 2003
------------------------	-------------------------------------

ASUNTO: Instrucións sobre o réxime de descansos compensatorios ós servizos realizados durante a atención continuada en réxime de localización as gardas localizadas.

ORIXE: DIVISIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS DO SERGAS.

DESTINATARIOS: Xerencias de Atención Primaria e dos Hospitais Públicos Sergas.

REGULACIÓN DO RÉXIME DE DESCANSOS COMPENSATORIOS ÓS SERVICIOS REALIZADOS DURANTE A ATENCIÓN CONTINUADA EN RÉXIME DE LOCALIZACIÓN E AS GARDAS LOCALIZADAS.

As peculiaridades da prestación do servizo público de asistencia sanitaria, caracterizado pola prestación permanente durante tódolos días e horas do ano, conduce a unha peculiar organización e distribución do traballo característica das institucións sanitarias públicas.

Tradicionalmente, esta organización concrétase na prestación complementaria de servizos por parte dos profesionais á marxe da súa xornada ordinaria, co obxecto de garantir a constante cobertura asistencial da poboación en atención ás necesidades que poden xurdir, cunha prestación á demanda.

A continuidade da prestación garántese coa programación dos servizos de atención continuada en, gardas en réxime de presenza física, nos supostos en que a presenza do facultativo no centro resulta indefectible pola natureza da urxencia da especialidade e/ou gardas en réxime de localización consistentes na prestación de servizos a requirimento do centro, o que obriga a un

profesional, que non está de servizo na institución, a permanecer localizada durante o tempo que se determine, para acudir ó centro ante unha demanda asistencial urxente.

A garantía de prestación de servizo ó usuario, como ben prioritario do dereito de protección da saúde de conformidade coa Lei xeral de sanidade, e a organización a que dá lugar, debe compatibilizarse co dereito á protección da saúde dos profesionais que outorga o descanso e a xestión eficaz dos recursos dispoñibles.

Ámbalas dúas modalidades de prestación das gardas e da atención continuada antes referidas, difírense entre si, tanto no que atinxe á previsión da realización da actividade como, consecuentemente, á súa programación. E, en todo caso, a dita circunstancia condiciona o réxime de ordenación dos descansos do profesional polo seu diferente réxime de posta a disposición da institución durante o citado período da garda.

A efectividade da permanencia na institución durante a garda de presenza física permite, ó tempo da súa programación, considerar os descansos compensatorios a que dá lugar.

Polo contrario, a eventualidade da prestación de servizos no caso da atención continuada ou gardas que se prestan en réxime de localización, que só pode constatarase a posteriori, impide, nalgúns supostos, a determinación consecutiva dos descansos compensatorios con carácter previo.

Esta diferenza entrámbalas dúas modalidades de realización das gardas foi apreciada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza de 21 de marzo de 2001, que desestimou a pretensión do demandante de que se lle outorgase idéntico tratamento para os efectos do descanso compensatorio.

13/03/2013
CIRCULAR 13/03

Non obstante, o dito tribunal afirmou que se os facultativos prestan servizos durante as gardas de localización teñen dereito a que se lle aplique dalgún xeito os principios xerais de protección da seguridade e saúde dos traballadores, pero dadas as peculiaridades dos mesmos, só cabe facer efectiva a dita protección mediante medidas de compensación dos períodos de descanso ou medidas de protección equivalentes na forma que se acorde mediante procedementos legais, regulamentarios ou administrativos ou acordos celebrados cos interlocutores sociais.

Con motivo do anterior pronunciamento xudicial, tiveron lugar en sede de mesa sectorial, órgano de negociación das condicións de traballo do persoal das institucións sanitarias do SERGAS, diversas reunións sobre a materia, coa presentación de varios borradores de traballo para a súa regulamentación. O resultado das devanditas negociacións non deu lugar a acordo. Nembargantes, por mor do citado pronunciamento, cómpre dictar instrucións ó respecto, sen prexuízo de ulterior negociación para o caso de concorrencia de normativa básica que puidera ser decisiva para o seu contido.

Por medio da presente instrucción trátase de fixa-lo réxime xeral do sistema de compensación dos períodos de descanso interrompidos pola realización de servizos durante a garda localizada, sen prexuízo dos acordos existentes na citada materia en cada institución sanitaria. O ámbito de regulación amplíase a todo o persoal que realice este tipo de prestación, complementaria á xornada ordinaria, retribuída con módulos de gardas ou atención continuada en réxime de localización.

Tida conta das peculiaridades da prestación sanitaria, a potestade de autoorganización da dirección das institucións, a singularidade dos servizos en réxime de gardas de localización, outorgase preeminencia ós acordos entre a

3
0
13
13
AR
3

dirección e os profesionais a prol de facer efectiva a compensación dos descansos derivados da atención ós requirimentos atendidos polos profesionais durante a garda localizada e que conlevaron a interrupción do seu descanso mínimo continuado.

Rematada a negociación sen acordo, en uso das competencias atribuídas a División de Recursos Humanos e da División de Asistencia Sanitaria do SERGAS, cómpre dicta-las seguintes

INSTRUCCIÓNS

1. OBXECTO.

As presentes instruccións teñen por obxecto a determinación do réxime de descansos compensatorios, pola interrupción do descanso continuado mínimo diario e/ou semanal, derivado da prestación efectiva de servicios polo persoal que esta en réxime de localización para a atención continuada ou en garda localizada.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1. As disposicións contidas nas presentes instruccións serán aplicables ao persoal estatutario facultativo e sanitario non facultativo do SERGAS, que preste servicios de atención continuada en réxime de localización ou gardas localizadas, sempre que o seu réxime retributivo contemple a percepción do complemento de atención continuada, en réxime de localización ou do complemento de gardas localizadas, segundo o disposto pola Consellería de Economía nas ordes de confección de nóminas regulamentadoras das retribucións deste persoal.

1.2. Queda excluído do ámbito de aplicación destas instrucións o persoal vinculado con nomeamento singular para a cobertura de gardas médicas hospitalarias ou para a cobertura de atención continuada en urxencias extrahospitalarias.

3. ATENCIÓN CONTINUADA EN RÉXIME DE LOCALIZACIÓN E GARDA LOCALIZADA.

Entenderase por atención continuada en réxime de localización ou garda localizada, a modalidade de prestación de servicios complementaria, en virtude da cal, o profesional atópase en situación de disponibilidad que faga posible a súa localización e presenza inmediata para a prestación dun traballo ou servicio efectivo cando fora chamado para atender as necesidades asistenciais que eventualmente se poidan producir.

Quedan excluídos deste concepto os servicios de atención continuada domiciliaria que se realizan durante a xornada ordinaria.

4. RÉXIME DOS DESCANSOS.

4.1 Regra xeral.

4.1.1 Os profesionais que sexan requiridos por persoa autorizada co obxecto de que acudan á institución ou lugar que se lle indique, para a prestación efectiva de servicios durante o tempo en que permanezan en réxime de localización para a atención continuada ou en garda localizada, gozarán dun descanso compensatorio sempre que a dita prestación interrompa a continuidade mínima necesaria do descanso diario (12 horas) ou semanal (24 horas).

Dado que o descanso continuado é unha medida de protección da saúde e seguridade dos traballadores, procurarase o goce do descanso compensatorio, ó que se refiren as presentes instrucións, nas datas máis próximas á realización do servizo en función das cargas asistenciais e, en todo caso, garantirase o mesmo no prazo dos dous meses seguintes, agás acordo en contrario entre a dirección e os profesionais.

Na planificación destes descansos procurarase garantir a súa continuidade en períodos de alomenos doce horas ininterrompidas.

O goce dos descansos compensatorios previsto no apartado anterior non poderá ser substituído por compensación económica.

4.1.2 Para os efectos do cálculo do tempo do dito descanso compensatorio computaranse os seguintes períodos:

a. Tempo de traballo efectivo:

Para os efectos previstos neste apartado, entenderase por tempo de traballo efectivo aquel no que se permanece na institución ou lugar que se determine no exercicio efectivo da súa actividade ou funcións, sempre que concorran os requisitos previstos no apartado 4.1.1.

A estes efectos a dirección da institución, atendendo ás peculiaridades da súa organización, articulará os mecanismos de xustificación da realización do servizo, da súa duración e da causa do chamamento que estime oportunos para a súa constatación ou verificación.

b. Tempo de desprazamento:

Sen prexuízo da obriga do profesional de acudir á maior brevidade posible ante un requirimento, estimarase como tempo de desprazamento

un máximo de 45 minutos, nos que se entenderán incluídos os tempos de ida e volta.

4.2. Efectividade do descanso compensatorio.

4.2.1. A dirección consensuará cos profesionais o xeito de facer efectivo o descanso a que se refiren as presentes instrucións atendendo ás singularidades da estrutura organizativa do centro e á planificación asistencial que lle atinxe, nos que poderán contemplarse medidas complementarias de compensación dirixidas á protección da seguridade e á saúde dos profesionais.

4.2.2. En defecto de consenso a dirección comunicará o réxime de descansos ó profesional, de conformidade co previsto nas presentes instrucións e normativa xeral de aplicación.

4.2.3. A modificación do réxime de descansos, determinado consonte ós apartados anteriores, só poderá acordarse con base en motivos organizativos e asistenciais ou no caso de que non se realizase o servizo efectivo que se tivo en conta para a súa configuración, e deberá ser notificada mediante resolución motivada da xerencia.

4.2.4. Así mesmo, ó inicio de cada ano, a dirección poderá establecer os criterios a seguir na determinación dos descansos compensatorios, se o considera oportuno.

5. ADAPTACIÓN ORGANIZATIVA.

As Direccións das Institucións Sanitarias do Servizo Galego de Saúde, poderán revisar as actuais estruturas e modalidades de gardas, con respecto ós procedementos establecidos, coa necesaria intervención da División de

Asistencia Sanitaria, ó obxecto de adapta-la organización ó réxime de descansos previsto nesta norma.

6. VIXENCIA DOS ACORDOS ANTERIORES.

Manterase a vixencia dos acordos existentes nas institucións, servicios ou unidades que contemplan medidas de descanso compensatorio á interrupción do descanso mínimo continuado diario ou semanal como consecuencia dos servicios efectivos realizados durante o tempo das gardas localizadas, en tanto concorran as circunstancias que os posibilitaron.

7. GARDAS LOCALIZADAS E ATENCIÓN CONTINUADA EN RÉXIME DE LOCALIZACIÓN EN ATENCIÓN PRIMARIA.

O disposto nestas instrucións rexerá sen prexuízo do tratamento desta materia no pacto de urxencias extrahospitalarias para as zonas especiais.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2003

O director xeral da División de Asistencia Sanitaria,

Francisco José López Rois.

O director xeral da División de Recursos Humanos,

José Ignacio Lema Piñeiro.